

2015

APE GALICIA

Asociación intersectorial e interterritorial de autónomos e pequenas empresas de Galicia



BOLETÍN AGOSTO

- AXUDA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO
- AXUDA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO PARA PERSOAS NOVAS INCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL
- PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DAS PERSOAS NOVAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL
- PROGRAMAS DE INCENTIVOS AO AUTOEMPREGO COLECTIVO DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

[AXUDA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 19 DE SETEMBRO DE 2015]

BENEFICIARIOS

As persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia e reúnan os seguintes **requisitos**:

– Se dean de **alta** no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional **entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015**.

– Non estar inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

– Non percibisen subvencións ao abeiro dos distintos programas de emprego autónomo nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.

– Non desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

As **persoas traballadoras autónomas ou por conta propia** poderán ser beneficiarias das axudas deste programa cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a comunidade de bens ou sociedade civil deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.

No suposto de subvencións solicitadas por persoas traballadoras con discapacidade, ademais de cumprir os requisitos anteriores, deberán ter recoñecido pola Administración

competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Quedan excluídos deste programa as persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

SUBVENCIÓN PARA INICIATIVAS DE AUTOEMPREGO XUVENIL.REQUISITOS E CUANTÍA

Co obxecto de axudar as persoas mozas desempregadas ao inicio e mantemento do emprego como persoa traballadora e así, polo tanto, facilitarlle ingresos durante o inicio da súa actividade laboral, poderá concedérselle unha subvención a fondo perdido as persoas que soliciten a alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade profesional, desde o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015. **A contía desta subvención será de 1.200 euros.**

É **requisito** para optar a esta axuda:

a) Ter menos de 30 anos de idade na data da solicitude da axuda.

b) Ter solicitado a alta como persoa traballadora autónoma no correspondente réxime da seguridade social ou mutualidade profesional, con anterioridade a presentación da solicitude da axuda.

SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO PERSOA TRABALLADORA AUTONOMA OU POR CONTA PROPIA

Poderáselle conceder á persoa desempregada, co obxecto de facilitarlle ingresos durante o inicio da actividade e posta en marcha da iniciativa empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, **sempre que se acredite un investimento en inmovilizado**

material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e se realice no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio, coa data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2015.

As **contías** desta subvención serán as seguintes:

- **5.000 € persoas desempregadas en xeral.**
- **8.000 € desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.**
- **10.000 € muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.**

No suposto de que as características da persoa desempregada dean lugar á súa inclusión en máis dun colectivo, só será posible aplicar a contía da subvención respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa solicitante.



XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O período de xustificación é o establecido na resolución de concesión e finaliza, en todo caso, o 20 de decembro de 2015.

As facturas deberán estar emitidas con data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2015.

A xustificación do pagamento das facturas correspondentes ao requisito de investimento establecido para esta orde deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar **claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.**

INCOMPATIBILIDADES

A subvención establecida neste programa será incompatible coas establecidas nos distintos programas de promoción do emprego autónomo, nos programas de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade, convocados pola Consellería de Traballo e Benestar. Así mesmo, serán incompatibles coas axudas comprendidas no programa Emega para o fomento do emprendemento feminino convocadas por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150819/AnuncioCA05-120815-0001_gl.pdf

AXUDA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO PARA PERSOAS NOVAS INCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL

30 DE SETEMBRO DE 2015]

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das axudas deste programa **as persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia**, sempre que, cumprindo as condicións establecidas para cada tipo de axuda, reúnan os seguintes **requisitos**:

- Estar inscrito no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Non ter traballado nos trinta (30) días naturais anteriores** á data de inicio de actividade laboral.
- Terse dado de **alta** no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional **entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015**, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
- Non percibir subvencións ao abeiro dos distintos programas de promoción do emprego autónomo nos catro anos anteriores** á data do inicio da nova actividade. Se no momento da solicitude da subvención a persoa non tivese solicitada a alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, terase en conta a data de presentación da solicitude de subvención.
- Non desenvolver como persoa traballadora autónoma a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do

inicio da nova actividade, nin estivese de alta como persoa traballadora autónoma en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade nos tres meses inmediatamente anteriores.

A persoa traballadora autónoma ou por conta propia poderá ser beneficiaria das axudas deste programa **cando forme parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que a solicite a título persoal**. Neste caso, a comunidade de bens ou sociedade civil deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.



Quedan excluídas deste programa as persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

SUBVENCIÓN PARA INICIATIVAS DE AUTOEMPREGO XUVENIL. REQUISITOS E CUANTÍA

Co obxecto de axudar as persoas novas desempregadas ao inicio e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma e así, polo tanto, facilitarlle ingresos durante o inicio da súa actividade laboral, poderá concedérselles unha subvención a fondo perdido ás persoas que soliciten a alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade profesional, desde o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015.

A contía desta subvención será de 1.200 euros.

É requisito para optar a esta axuda ter **solicitado a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional con anterioridade á presentación da solicitude** de subvención.

SUBVENCIÓN POLO ESTABLECIMENTO COMO PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA OU POR CONTA PROPIA

Poderáselle conceder **á persoa nova inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil, para a posta en marcha do seu proxecto empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado material ou intanxible por unha contía non inferior a 2.000 euros entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade laboral e os seis meses posteriores** ao dito inicio, coa data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2015.

As contías desta subvención serán as seguintes:

A. **7.500** euros a persoa nova.

B. **10.000** euros cando a persoa beneficiaria sexa una persoa nova con discapacidade ou

pertencente a algún colectivo en risco ou situación de exclusión social.

A contía prevista na letra A incrementárase en **500 euros para as mulleres novas.**



OBRIGAS

a) Solicitar a alta como autónomo no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no prazo indicado na resolución de concesión.

b) **Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo dun ano se se solicita a subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil e de dous anos se se solicita a subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente.**

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

d) Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade e que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

e) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar

f) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención

g) Estar ao día das súas obrigas tributarias

h) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

i) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante os tres anos seguintes á certificación dos gastos á Comisión Europea, de conformidade co artigo 140.1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013,

j) Cumprir coas medidas de comunicación e información establecidas no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do 17 de decembro de 2013,

INCOMPATIBILIDADES

1. A subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil é incompatible coa subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia

2. As subvencións establecidas neste programa son incompatibles coas establecidas nos distintos programas de promoción do emprego autónomo, nos **programas de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, iniciativas de emprego, iniciativas de emprego de base tecnolóxica e integración laboral das persoas con discapacidade, convocados pola Consellería de Traballo e Benestar.**

Así mesmo, serán incompatibles coas axudas comprendidas **no programa Emega para o fomento do emprendemento feminino** convocadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150819/AnuncioCA05-120815-0002_gl.html

[PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DAS PERSOAS NOVAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 09 DE XULLO DE 2015]

A Consellería de Tabajo e Benestar da Xunta co fin de promover a dinamización da contratación xuvenil puxo en marcha dous programas de incentivos para a contratación de mozos desempregados inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

BENEFICIARIAS

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empleadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

PRAZO

O prazo para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o 21 de agosto e finalizará o 30 de setembro de 2015.

a) Programa de incentivos á contratación indefinida inicial das persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais a tempo completo ou a tempo parcial, incluída a modalidade de fixo-discontinuo, que realicen as empresas e as entidades empleadoras con persoas novas desempregadas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

REQUISITOS

1. A persoa a contratar debe de estar inscrita no Sistema nacional de garantía

xuvenil, estar desempregada na data da súa contratación indefinida e non traballar no trinta días naturais anteriores á data da contratación.

2. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o persoal fixo da empresa, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

3. A xornada da contratación indefinida inicial a tempo parcial deberá ser como mínimo do 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada máxima legal.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma reglamentariamente establecida.

CONTÍAS DOS INCENTIVOS

1. As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 7.000 euros. Esta contía incrementarase en 600 euros no caso de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa na que concorra algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. No caso de que a contratación sexa realizada para prestar servizos en empresas pertencentes a sectores estratéxicos segundo defínese no artigo 3 desta orde, a contía do incentivo será de 8.200 euros.

2. A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo

3. Os beneficios establecidos á contratación neste capítulo non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

b) Programa de incentivos á contratación temporal das persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil e a súa transformación.

Serán subvencionables ao amparo deste programa as contratacións de carácter temporal realizadas desde o 1 de outubro de 2014 até o 30 de setembro de 2015 formalizadas con persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, así como as súas transformacións en contratos indefinidos.

REQUISITOS

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal a tempo completo, excepto o contrato temporal para a formación e aprendizaxe, que se realicen con persoas novas desempregadas, que non traballasen no trinta días naturais anteriores á data da contratación, e inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

2. Os contratos temporais terán unha duración mínima inicial superior a 6 meses, excepto o contrato en prácticas que, conforme ao artigo 11 do Estatuto dos traballadores, terá unha duración inicial mínima de 12 meses.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de

realización da contratación pola que se solicita subvención.

CONTÍAS

1. A contía da axuda calcularase da seguinte maneira:

i. 200 euros por cada un dos seis primeiros meses completos da duración do contrato. Esta contía incrementarase en 20 euros mensuais no caso de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa na que concorran algún dos factores de exclusión social, en empresas pertencentes a sectores estratéxicos a contía do incentivo incrementarase até 50 euros por mes completo de contratación.

ii. 300 euros por cada unha das seguintes mensualidades completas da duración do contrato e até un máximo de seis. Esta contía incrementarase en 30 euros mensuais no caso de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa na que concorran algún dos factores de exclusión social, en empresas pertencentes a sectores estratéxicos a contía do incentivo incrementarase até 50 euros por mes completo de contratación.

2. Os contratos en prácticas incentivaranse cunha axuda de 3.600 euros. Esta contía incrementarase en 300 euros no caso de que a persoa contratada sexa muller. No caso de que a contratación sexa realizada para



prestar servizos en empresas pertencentes a sectores estratéxicos a contía do incentivo será de 4.200 euros.

3. A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo

4. A transformación de contratos temporais en indefinidos incentivarase con 2.500 euros. No caso de que a transformación do contrato temporal en indefinido sexa realizada por unha empresa pertencente a un sector estratéxico a contía do incentivo será de 3.700 euros.

5. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en

concorrenza con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150820/AnuncioCA05-130815-0002_gl.html

ORDE do 12 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015

[PROGRAMAS DE INCENTIVOS AO AUTOEMPREGO COLECTIVO DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA 30 DE SETEMBRO DE 2015]

Este programa de subvencións está dirixido a impulsar o autoemprego colectivo no marco dos programas de garantía xuvenil, fomentando a incorporación de mozas e mozos, como socios e socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, así como a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas e sociedades laborais nos cales participen, mediante a concesión de incentivos e subvencións para o financiamento de determinados custos derivados do lanzamento da actividade.

I: Programa de incorporación a cooperativas e sociedades laborais

Este programa de subvencións está dirixido a impulsar o autoemprego colectivo no marco dos programas de garantía xuvenil, fomentando a incorporación de mozas e mozos, como socios e socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, así como a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas e sociedades laborais nos cales participen, mediante a concesión de incentivos e subvencións para o financiamento de determinados custos derivados do lanzamento da actividade.

Beneficiarias

Poderán acollerse ás subvencións previstas neste programa as sociedades cooperativas galegas inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia e as sociedades laborais inscritas no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais dependente da Xunta de Galicia e no Rexistro Mercantil que incorporen mozos ou mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil como persoas socias traballadoras ou de traballo.

Cuantías:

a) Pola incorporación como socios e socias traballadoras ou de traballo, con carácter

indefinido: 12.000 € por mozo ou moza incorporada, ata un máximo de 48.000

euros por entidade beneficiaria. Se a cooperativa ou sociedade laboral é de nova creación, a contía da subvención por persoa incorporada será de 15.000 €, ata un máximo de 60.000 € por entidade beneficiaria.

b) Pola incorporación como socios e socias traballadores ou de traballo a proba: 600 € ao mes, por un período de entre 6 e 12 meses, por mozo ou moza incorporada e ata un máximo de 14.400 euros por entidade beneficiaria.



Obrigas

1. As beneficiarias deberán manter, polo menos, durante un período de tres anos

unha forma xurídica de entre as elixibles para resultar beneficiarias da subvención concedida.

2. As beneficiarias das subvencións de incorporación de socios traballadores están obrigadas a manter as persoas polas que se concede a subvención por incorporación como persoa socia traballadora ou de traballo, con carácter indefinido, polo menos durante dous anos.

3. As beneficiarias da subvención por incorporación de mozas e mozos ou de traballo a proba deberán manter a persoa incorporada, como mínimo, polo tempo

subvencionado, e se se produce o cesamento do mozo ou moza, a empresa beneficiaria está obrigada a comunicar a baixa e a substituíla no prazo dun mes por outra inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, polo menos, en tempo de dedicación igual ao anterior.

4. Transcorrido un ano desde a concesión da subvención, as beneficiarias que sexan de nova creación están obrigadas a presentar un informe elaborado pola entidade que presta o asesoramento e titorización acerca das actividades realizadas, a súa duración e os resultados obtidos.

II: Programa de Fomento do Emprendemento

Este programa de subvencións está dirixido a fomentar o emprendemento colectivo xuvenil, mediante a concesión de subvencións aos mozos e mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Mediante estas subvencións facilítase o acceso da xuventude á condición de persoas socias de cooperativas impulsando a posta en marcha da actividade emprendedora por conta propia.

Beneficiarias

1. Poderán acollerse ás subvencións previstas neste programa as mozas e mozos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en Galicia que emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen a unha cooperativa en condición de socios, con compromiso de exclusividade para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen.

2. Acreditar a viabilidade da actividade económica mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa

Contía

- de 3.000 € por persoa beneficiaria

-poderán acceder a unha subvención para custos de estudo e formalización de microcréditos bancarios ata o 100 % do seu custo, cun máximo de 2.000 € por solicitude.

Obrigas

1. Manter a condición de socia na cooperativa a que se incorporan por un período mínimo de 3 anos.

2. No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento do prazo ao a beneficiaria deberá presentar os indicadores de resultado inmediato a que se refiren os anexos I e II do Regulamento (UE) número 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013

3. No caso de incumprimento procederá o reintegro das cantidades percibidas nos termos previstos no artigo 16 desta orde.

Referencia lexislativa

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150827/AnuncioCA05-190815-0001_gl.pdf

